

Seminario

"Obradoiro de Fotografía"



Impartido polo docente:

- Profa. Dra. Sandra Martínez Costa (Facultade de Ciencias da Comunicación, UDC)

Descrición:

Para capturar a personalidade dunha persoa mediante a fotografía é preciso dominar diversos elementos como a luz, o encadre, as texturas e o ángulo desde o que se enfoca. Este obradoiro busca introducir ao alumnado na práctica da fotografía de retrato, explicando de xeito sinxelo como combinar estes factores para obter imaxes máis expresivas e traballando os aspectos técnicos da cámara e da luz mediante clases prácticas nas que realizarán unha ou varias fotografías seguindo distintas técnicas. Traballarase tanto con luz natural como artificial para potenciar a capacidade de capturar a esencia das persoas retratadas.

Obxectivos:

- Introducir ao alumnado no mundo da fotografía de retrato.
- Comprender os aspectos técnicos da cámara e da luz.
- Practicar diferentes esquemas de iluminación.
- Fomentar a capacidade de expresión a través da imaxe fotográfica.
- Aprender a manexar cámaras réflex ou móbiles con cámara de alta calidade.

Contidos:

1. Que conta un retrato
2. Encadre e composición
3. A linguaxe das ópticas
4. A luz e a exposición

Metodoloxía:

O obradoiro terá un enfoque eminentemente práctico. Cada sesión comezará cunha breve introdución teórica para contextualizar os conceptos que se aplicarán posteriormente. Os/as estudantes realizarán prácticas fotográficas durante as clases, centradas na captura de retratos utilizando diferentes técnicas e esquemas de iluminación. Para o seguimento axeitado das tarefas, cada participante deberá dispoñer dunha cámara réflex ou un móbil cunha cámara de boa calidade.

Calendario e horario

Catro sesións de dúas horas (**de 10:30 a 12:30 horas**), os **días 12, 19, 26 de novembro e 3 de decembro de 2025**, nas instalacións da **Universidade Sénior** en Normal (Paseo de Ronda, 47) da Coruña .

Inscrición e matrícula

As prazas son limitadas e serán asignadas por rigorosa orde de inscrición. A inscrición só poderá realizarse mediante formulario electrónico, **do 27 de outubro ao 5 de novembro de 2025**, a través da páxina web: www.udc.gal/senior. Máis información: **Secretaría da Universidade Sénior** (Tlf. 881014507 - secretaria.senior.coruna@udc.es)